

## 5 Medidas obligatorias en zona tampón

Para titulares de parcelas vitícolas e operadores profesionais:

- Vixiar as súas parcelas ou instalacións e comunicar ás autoridades competentes calquera sospeita ou confirmación da presenza da praga.
- Aplicar tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados contra o insecto vector durante os períodos de voo (meses de verán). A Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web as indicacións para estes tratamentos.
- Os titulares de parcelas de viñedo que estean dentro da zona tampon da FD deberán eliminar e destruír as plantas sintomáticas á FD verificadas oficialmente.
- As plantacións abandonadas dentro da zona tampon deberán ser arrincadas e destruídas.
- Eliminación das plantas silvestres do xénero *Vitis* spp., *Ailanthus altissima*, *Alnus glutinosa* e *Clematis* sp., que estean a unha distancia inferior a 10 metros das parcelas de producción e instalacións de operadores profesionais de material vexetal de reprodución de *Vitis*.

## 6 Medidas obligatorias para a circulación de material vexetal de vide

O material de plantación de vide deberá cumplir con algunha das seguintes condicións:

- 1) Proceder dunha zona libre de FD.
- 2) Proceder dunhas instalacións de producción controladas oficialmente.
- 3) Foran sometidas a un tratamento de termoterapia en instalacións autorizadas.

É moi importante que os viticultores adiquiran plantas de vide con garantías fitosanitarias e de operadores autorizados que cumpran con estas condicións.



## MÁIS INFORMACIÓN

No caso de sospeita da presenza da enfermidade, notificalo á autoridade competente de sanidade vexetal aos seguintes contactos:

### SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE PONTEVEDRA

explotacionsagrarias.cmr.pontevedra@xunta.gal  
T: 986 805 446 / 886 206 547

### SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE OURENSE

sea.cmr.ourense@xunta.gal  
T: 988 386 687 / 988 386 571

### SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA

sspv.cmr.ourense@xunta.es  
T: 881 997 443 / 981 540 060

### SERVIZO EN CAMPO-TRAGSATEC

T: 699 031 725



Planta de variedade de uva tinta con síntomas de flavescencia dourada. Fonte: Xunta de Galicia



# Flavescencia dourada da vide

## MEDIDAS DE ERRADICACIÓN NAS ZONAS DEMARCADAS

# Flavescencia dourada da vide

## 1 Descripción

A praga Flavescencia dourada da vide (FD), provocada polo organismo nocivo denominado *Grapevine flavescence dorée phytoplasma*, é unha praga corentenaria da Unión, regulada no Regulamento (UE) 2019/2072 e no Regulamento (UE) 2016/2031. O cicadélido *Scaphoideus titanus* é o **insecto vector** desta praga.

## 2 Síntomas nas plantas infectadas

- **Enrolamento de follas** cara ao envés.
- **Atraso no agromado**.
- **Ausencia de producción**: os acios secan e non chegan en ningún caso a madurar.
- Disposición das **follas dentro da videira en forma de tellas ou escamas de peixe**.
- **Coloración das follas vermella** (variedades tintas) ou amarela (variedades brancas).
- As videiras toman **porte desmaiado**, coma se fosen de goma, dándolle á cepa un **aspecto chorón**.
- **Falta total de agostamento** das videiras.
- **Mortalidade** total ou parcial das cepas.



Imaxe *Scaphoideus titanus* adulto  
Fonte: Estación Fitopatológica do Areeiro (Deputación de Pontevedra)

## 3 Distribución en Galicia

Debido á **presenza da praga en Portugal**, en puntos próximos a Galicia, no ano 2022 estableceuse unha zona tampón en Galicia de 2,5 km coa fronteira con Portugal que abrangue varios concellos de Pontevedra e Ourense. A praga foi detectada por primeira vez en Galicia a finais do ano 2022. O 2 de febreiro do ano 2023 publicouse a Resolución do 20 de xaneiro de 2023, que declarou a presenza da praga en Galicia, estableceu unha zona demarcada e adoptou medidas urxentes para a súa erradicación e control.

Durante o ano 2023 producíronse novas deteccións deste organismo nocivo, o que fixo preciso ampliar a zona demarcada e modificar as medidas a través da publicación da Resolución do 9 de novembro de 2023, da Dirección Xeral de Gendaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. A nova zona demarcada da FD está formada pola zona infestada, que son as parcelas onde se confirma a súa presenza e unha zona tampón arredor desta.

Na páxina web da CMR poderase consultar a listaxe de concellos e parroquias e o mapa de zonas demarcadas



<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/agricultura/sanidad-vegetal/organismos-nocivos-de-cuarentena>



Planta de variedade de uva blanca con síntomas de flavescencia dourada. Fonte: Xunta de Galicia

## 4 Medidas obligatorias en zona infestada

### Para titulares de parcelas vitícolas:

- **Eliminación e destrucción**, baixo control oficial, de todas as plantas de vide confirmadas como infestadas pola FD e todas as **plantas sintomáticas** da parcela, o antes posible e, a máis tardar, nos 20 días seguintes dende a notificación oficial.

- **Aplicación de tratamentos fitosanitarios** con insecticidas autorizados en todas as plantas da parcela infestada de forma inmediata e, a máis tardar, nun prazo de 10 días dende a notificación.

### Para operadores profesionais:

- **Eliminación e/ou destrucción**, baixo control oficial, da planta confirmada positiva pola FD.

- **Inmovilización oficial de todas as plantas** de vide das instalacións ou parcelas, que serán analizadas por lotes. Só poderán ser comercializados os lotes de plantas con resultado negativo á FD ou que reciban un tratamento de termoterapia nunha instalación autorizada.